



**RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO**, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE A CREACIÓN DUNHA TARXETA MOZA E A CONSTITUCIÓN DUN CONSELLO PROVINCIAL XUVENTUDE NA PROVINCIA DE OURENSE**

Os mozos e mozas son un dos colectivos que menos atención recibe das institucións públicas na provincia de Ourense. A elevada taxa de emigración que estamos a sufrir desde hai lustros, é unha evidente proba desta anómala realidade que está a por nunha situación moi delicada o noso futuro demográfico, económico e social. Confiar na nosa xuventude é clave para todos nós, posto que é un actor imprescindible nos procesos de desenvolvemento das nosas sociedades.

Na última década, máis de 30.000 persoas mozas marcharon, principalmente, pola falta de oportunidades no presente e o futuro. Esta emigración masiva evidencia que o goberno da Deputación de Ourense nunca lles prestou a atención debida e non entende ao colectivo xuvenil coma unha prioridade, nin antes baixo o mandato do PP nin agora a través dun bipartito a punto de romper con Democracia Ourensana.

Os representantes públicos nas entidades locais temos o deber legal de impulsar iniciativas para o desenvolvemento das políticas de mocidade, mediante accións concretas en ámbitos como a formación, promoción do emprego, lecer alternativo, educación ou acceso ás novas tecnoloxías, así como na concesión de axudas económicas a entidades e concellos da provincia para estes fins. Non se debe esquecer que a Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da ONU que España subscribiu en 2015, sinalan ás políticas de xuventude como un dos elementos nucleares para mellorar as perspectivas de futuro das nosas sociedades.

Os socialistas consideramos que, ademais das evidentes medidas xerais de promoción económica, emprego ou protección social, a nivel provincial e local deben potenciarse particularmente ofertas de servizos, ocio ou formación destinadas preferentemente á mocidade. É fundamental darlle un pulo ás dotacións para eles e elas; á oferta pública de actividades xuvenís; regular a súa participación social; facilitar o acceso ao comercio de proximidade, eventos culturais e deportivos, e tamén a alternativas de ocio.

Trátase de artellar unha batería de propostas atractivas para dinamizar as relacións dos nosos mozos e mozas coa súa contorna inmediata que, ademais, poden previr e evitar problemas sociais de maior dimensión, como a adición ás drogas ou o fenómeno do botellón. Noutras provincias e cidades como Murcia ou Zamora as administracións públicas puxeron en marcha unha tarxeta para que a xente nova teña dereito a vantaxes en servizos culturais, deportivos e de ocio, así como no transporte ou no acceso a outras actividades de entidades privadas. Tamén o Concello da Coruña impulsou un plan de similares características a esta tarxeta moza pero que beneficia a toda a veciñanza.



Por en funcionamento unha iniciativa de similares características en Ourense sería un importante logro para todos e todas. A Deputación debería executala establecendo un programa provincial ao que se poidan adherir todos os municipios interesados, xa que a meirande parte deles carecen de recursos para executala de seu. Debería contar co respaldo das asociacións de comerciantes, do gremio dos taxistas, de comercios locais e doutras administracións como a Xunta de Galicia, co fin de fomentar unha liña de axudas a través desta tarxeta moza, para que a xuventude comprendida no rango de idade dos 14 aos 26 anos —incluídos os estudantes de fóra residentes na provincia— poida acceder, con maior facilidade, a descontos económicos e outros beneficios como rebaixas en taxas ou impostos de carácter municipal.

Desta forma, desde a Deputación poderemos contribuír á dinamización da economía local dos pequenos municipios e ao impulso de actividades alternativas no ocio. Igualmente, axudaremos ao fomento da cultura e o deporte, e favoreceremos a mobilidade sostible mediante transporte público seguro. Para isto sería clave establecer un servizo de transporte mediante bonificacións combinadas en autobuses e taxis locais que, en todo caso, complementen aquelas rutas nas que non existe outra alternativa.

A creación desta tarxeta moza implicaría establecer convenios de colaboración con asociacións, empresas e outras administracións, así como a consignación nos orzamentos das partidas económicas necesarias. A Deputación Provincial tamén debería encargarse da difusión desta iniciativa e da publicidade dos trámites necesarios para formalizar a tarxeta.

Desde o PSdeG-PSOE defendemos esta iniciativa pioneira en Galicia que, cun custe reducido, pode ser un gran aliciente para os mozos e mozas e que, co apoio do goberno provincial, poderá axudar transversalmente a moitos sectores do noso tecido económico e social. Igualmente sería fundamental dotar á provincia dun ‘consello provincial de xuventude’, adscrito á Deputación Provincial, que desenvolva políticas de mocidade. Este órgano permitiría ter en conta as preferencias da mocidade e garantir a continuidade das actividades propias para este colectivo. Na actualidade non existe ningún órgano deste tipo na institución e as súas achegas poden ser moi valiosas.

Queremos unha mellora da calidade de vida da poboación moza de Ourense, fomentando a súa participación activa en todos os espazos da vida cultural, social, política e económica, recoñecendo así mesmo o relevante papel que teñen para o noso progreso, xa que a súa participación no desenvolvemento da provincia e unha responsabilidade compartida.

Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Instar á Deputación Provincial á creación dunha ‘tarxeta moza’, para que as persoas de 14 a 26 anos residentes na provincia (estudantes de fóra residentes en Ourense incluídos), poidan desfrutar de vantaxes e descontos



## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

no comercio local, cultura, ocio, espazos deportivos, servizos prestados polas entidades locais, taxas e impostos ou transporte público.

2. Instar á Deputación Provincial a elaboración e aprobación dun ‘programa provincial de xuventude’, ao que se poidan adherir os municipios de Ourense, que permita dotar de fondos aos convenios e subvencións necesarias para a posta en funcionamento desta tarxeta moza.
3. Instar á Deputación Provincial a constitución dun ‘Consello Provincial de Xuventude’, que colabore no desenvolvemento de políticas de mocidade, onde se teñan en conta as súas preferencias e que garanta a continuidade das actividades propias para este colectivo, xa que na actualidade non hai ningún órgano, nin oficial nin extraoficial, de participación de mozos e mozas nas políticas provinciais.

En Ourense, 11 de setembro de 2020.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**